

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15648 *Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

No actual contexto económico, faise imprescindible garantir a prestación dos servizos públicos esenciais mediante a adopción de medidas que melloren a eficiencia de todas as administracións públicas, incluíndo a Administración de xustiza.

Por iso se propón unha reforma da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que garanta a prestación do servizo público elevando os niveis de profesionalización da carreira xudicial. Preténdese posibilitar que na práctica totalidade dos casos as resolucións xudiciais sexan ditadas por membros integrantes da carreira xudicial e que a actuación de xuíces substitutos e maxistrados suplentes sexa excepcional, ante circunstancias de necesidade acreditada e motivada, prestando deste xeito un servizo de maior profesionalización cara aos cidadáns.

II

Actualmente a cobertura de ausencias, vacantes e de medidas de reforzo nos órganos xudiciais colexiados realízase mediante o chamamento dos denominados maxistrados suplentes. Ante isto, resulta conveniente establecer que esta mesma función poida ser desempeñada por membros da carreira xudicial, de xeito voluntario e retribuído, a través de comisión de servizos sen relevación de funcións, principalmente. Isto permitiralles a estes, ademais, adquirir experiencia no que se refire ao funcionamento e á organización de tales órganos.

A reforma establece tamén outras posibilidades dirixidas a que as suplencias sexan cubertas por membros integrantes da carreira xudicial en sintonía co disposto no artigo 298.1. Así, en primeiro termo, prevese a posibilidade de que os membros da carreira xudicial voluntariamente asuman tales tarefas; no seu defecto, serán chamados os xuíces de adscrición territorial e, a seguir, os integrantes da carreira con menor carga de traballo no seu respectivo territorio, que poderán selo por decisión dos presidentes de tribunais superiores ou, de ser o caso, dos presidentes de audiencias provinciais. Con iso preténdese contribuir a unha maior e máis adecuada distribución das ditas cargas de traballo entre órganos, garantir o máis posible o exercicio profesional da función xurisdiccional, minorar o gasto que xera a substitución non profesional, ademais de dotar os referidos presidentes de instrumentos cuxo uso atinado lles faga factible dar solución ás diferentes continxencias que poden afectar o órgano de que son principais responsables, sen que tal medida supoña un detrimento ou desatención no órgano de procedencia, en atención, precisamente, tanto á menor tarefa do chamado –determinada mediante os datos obxectivos que consten no Servizo de Inspección–, como á inexistencia de sinalamentos non compatibles.

Soamente, e de xeito excepcional, cando non resulte posible a formación de sala cun xuíz ou maxistrado de carreira, se poderá acudir á figura do maxistrado suplente non integrante dela, cuxo chamamento queda condicionado á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Para dar cumprimento a todo o anterior, os referidos presidentes elaborarán cadansúa lista con membros da carreira xudicial que, ben voluntariamente ou ben por facer fronte a unha menor carga de traballo, poidan ser obxecto de chamamento ao longo do ano, pola orde que se estableza. Estas relacións serán aprobadas pola sala de goberno respectiva en función de cantas circunstancias proceda valorar e serán remitidas ao Consello Xeral do Poder Xudicial, o cal, no exercicio das súas competencias e facendo igualmente as valoracións que coide oportuno e nos termos que considere, as aprobará definitivamente.

III

Polo que se refire aos órganos unipersoais, ben que a regulación previa a esta reforma limita a supostos excepcionais a chamada a xuíces substitutos para cubriren as vacantes ou ausencias de xuíces titulares, a práctica habitual fai que se recorra á figura do xuíz substituto frecuentemente; e isto como consecuencia de diversos factores, tales como a falta dunha adecuada previsión de cobertura de vacantes ou a existencia de solapamentos nos sinalamentos. Por iso, co mesmo obxectivo de garantir a xustiza profesional e reducir a interinidade, resulta imprescindible reforzar este réxime con medidas que garantan as substitucións entre profesionais. Así, modifícanse os artigos 210 e 211 para establecer unha orde regulada e obxectiva dos membros da carreira xudicial que serán chamados para cubriren substitucións. Dentro desta, establécese a necesidade de elaborar plans ou calendarios anuais de substitución entre xuíces e maxistrados profesionais que voluntariamente queiran participar neles, que eviten, a través dunha previsión adecuada, a existencia de sinalamentos solapados respecto dos que se deban substituír entre si.

Con esta solución búscase, en primeiro termo, lograr que a práctica totalidade de substitucións e suplencias que operasen no seo da carreira xudicial en órganos unipersoais sexan cubertas por xuíces e maxistrados profesionais, garantindo así unha xustiza profesional a cambio dunha retribución actualizada; en segundo, a realización do axuste orzamentario exixido pola actual conxuntura económica, sen que isto supoña unha notable mingua apreciable no servizo que se lles presta aos cidadáns.

IV

Co mesmo propósito se revisa a regulación dos reforzos xudiciais que prevé o artigo 216 bis, establecendo unha maior coordinación entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza á hora de determinar as necesidades e racionalizar o gasto. Do mesmo xeito, outórgase preferencia á realización de reforzos por xuíces e maxistrados titulares, mediante comisión de servizo, e recóllese a posibilidade de acordar a adscrición –en calidade de xuíces de apoio– dos xuíces de adscrición territorial, dos xuíces en expectativa de destino ou dos xuíces en prácticas. Só excepcionalmente, de xeito motivado e existindo dotación orzamentaria, se poderán designar xuíces substitutos non profesionais.

V

Asemade, convén cambiar a denominación que actualmente utiliza a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, no seu artigo 308, ao denominar como «xuíces adxuntos» aqueles aspirantes aprobados que non puideron ser nomeados xuíces titulares de órganos xudiciais. En realidade, trátase de «xuíces en expectativa de destino», tal e como son denominados no Regulamento 2/2000, do 25 de outubro, de xuíces adxuntos, aprobado como anexo do Acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 25 de outubro de 2000, e responden a unha situación conxuntural de falta de prazas vacantes

que impide que poidan acceder de forma inmediata á titularidade dun órgano xudicial. Proponse, polo tanto, corrixir a denominación actual e dar solución á problemática que suscitan, outorgándolles preferencia na realización de plans de reforzo en xulgados coa correlativa modificación do artigo 216 bis.

VI

Con respecto á Escola Xudicial, defínense as distintas fases que comprende o curso de selección que alí se desenvolve, distinguindo entre unha fase teórica de formación multidisciplinar, un período de prácticas tuteladas en diferentes órganos de todas as ordes xurisdicionais (xuíces adxuntos) e un período en que os xuíces en prácticas desempeñarán funcións de substitución e reforzo. Ademais, condiciónase á superación de cada fase o acceso á seguinte, de modo que non se poida comezar ningunha práctica sen ter superado a fase teórica, nin se poidan facer os labores de substitución e reforzo que agora se establecen se previamente non se superou a fase de prácticas tuteladas. E é que, efectivamente, se prevé o desenvolvemento dunha terceira fase de culminación da formación inicial na cal, logo de aprobar o período de prácticas tuteladas, os futuros xuíces realizarán funcións de substitución e reforzo en xulgados e tribunais, labor que será igualmente valorado pola propia Escola Xudicial tras o informe que elaborarán os presidentes de tribunais superiores de xustiza, para os únicos efectos de avaliar a súa dedicación e rendemento. Deste xeito preténdese garantir unha formación plena e adecuada dos novos xuíces, posibilitando unha integración paulatina no exercicio de funcións xurisdicionais.

VII

Por outra parte, flexibilízase a composición actual das audiencias provinciais para permitir a existencia dun número superior de maxistrados nunha soa sección. Isto permitirá crear futuras prazas xudiciais sen apenas custo económico, co conseguinte reforzo de maxistrados alí onde sexa especialmente necesario e, ao mesmo tempo, facilitará a unificación de criterios dentro dos ditos órganos.

VIII

No contexto actual de austeridade orzamentaria, resulta difícil afrontar a creación de unidades xudiciais, das que, por outra parte, a experiencia demostra que non supoñen unha necesaria mellora na eficiencia e xestión do servizo público. Malia o grande incremento de tales unidades xudiciais nos últimos anos –920 desde 2004 cun investimento de 31 millóns de euros en dotacións–, non se logrou reducir a pendencia de asuntos en determinados núcleos, como tampouco os tempos de resposta do sistema xudicial no seu conxunto. De aquí que se estean a elaborar novas fórmulas que melloren definitivamente a eficiencia do sistema cun novo modelo de organización xudicial. Mentres, débense adoptar solucións que permitan aumentar a presenza de xuíces e maxistrados con menor custo que o que provocarían os remedios postos en práctica ata o de agora.

Neste marco, poténciase a figura do xuíz de adscrición territorial que actualmente recolle o artigo 347, dado que achega gran flexibilidade ao sistema, posto que pode ser chamado para cubrir vacantes ou prestar labores de apoio a xulgados ou tribunais que sufran unha especial carga de traballo. De aquí que se reforce aínda máis o seu papel mediante a modificación das limitacións temporais que establecía o dito precepto, en prol dunha mellora do servizo nuns momentos difíciles en que así se necesita.

IX

Finalmente, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, estableceu un conxunto de medidas para mellorar a eficiencia das administracións públicas no uso dos recursos

públicos, co obxecto de contribuír á consecución do inescusable obxectivo de estabilidade orzamentaria, dun 3% de déficit sobre o PIB no ano 2014, derivado do marco constitucional e da Unión Europea.

Trátase de medidas que se deben adoptar de xeito conxunto para ofrecer un cambio estrutural e coherente que permita, visto na súa totalidade, a satisfacción dos mencionados obxectivos de austeridade e eficiencia.

En liña co disposto no dito real decreto lei, imponse unha adecuación da lei para axustala ao groso de medidas aplicables ás administracións públicas e aos empregados públicos ao seu servizo, sen descoñecer as dificultades que isto comporta ante a transcendencia e relevancia constitucional do servizo que presta a Administración de xustiza e a súa función esencial de dar soporte a un poder do Estado.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 81, que queda redactado como segue:

«3. Do mesmo xeito, cando así o aconselle a mellor administración de xustiza, as seccións da audiencia poderán estar formadas por catro ou máis maxistrados.»

Dous. Engádese un segundo parágrafo ao ordinal cuarto do número 1 do artigo 152, que queda redactado como segue:

«Así mesmo, tomar coñecemento, aprobar provisionalmente e remitirle ao Consello Xeral do Poder Xudicial para a súa aprobación definitiva, nos termos e, de ser o caso, coas correccións que procedan, a relación de xuíces e maxistrados propostos de conformidade co previsto nos tres primeiros puntos do artigo 200 da presente lei, así como velar polo seu cumprimento.»

Tres. Engádese un número 4 ao punto 2 do artigo 152, que queda redactado como segue:

«4. Tomar coñecemento dos plans anuais de substitución elaborados polas xuntas de xuíces, aprobalos provisionalmente nos termos e, de ser o caso, coas correccións que procedan e remitirlos ao Consello Xeral do Poder Xudicial para a súa aprobación definitiva. Ademais, velarán polo seu cumprimento.»

Catro. Engádese unha alínea d) ao número 2 do artigo 168, que queda redactado como segue:

«d) Velar pola correcta execución das substitucións e dos plans anuais de substitución nos termos previstos nesta lei, resolver con carácter gubernativo interno as cuestións que se formulen e corraxir as irregularidades que se poidan producir, adoptando as medidas necesarias e promovendo, se é o caso, a existencia das responsabilidades que procedan.»

Cinco. Engádese un número 6 ao artigo 170, que queda redactado como segue:

«6. Correspóndelle á Xunta de Xuíces elaborar os plans anuais de substitución entre xuíces titulares a que se refire o artigo 211 para a súa remisión á Sala de Goberno.»

Seis. Modifícase o artigo 199, que queda redactado como segue:

«1. Cando non asistan maxistrados en número suficiente para constituír sala nas audiencias provinciais ou tribunais superiores de xustiza, concorrerán para

completala aqueles membros da carreira xudicial que designe o presidente do órgano colexiado respectivo, pola orde e de conformidade coas regras seguintes:

En primeiro lugar, chamaranse os maxistrados do mesmo órgano que consten na relación de suplentes profesionais a que se refire o artigo seguinte, comezando polos da mesma sección, se os houber, e chamando a continuación o resto, sempre que se encontren libres de sinalamento.

En segundo lugar, os xuíces e maxistrados alleos ao órgano que consten na relación de membros da carreira xudicial a que se refire o artigo seguinte, pola orde que alí se estableza.

En terceiro lugar, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza, por iniciativa propia ou por proposta do presidente da audiencia provincial respectiva en que non se poida constituír sala, chamará os xuíces de adscrición territorial a que se refire o artigo 347 bis.

En cuarto lugar, o presidente do tribunal superior ou, de ser o caso, o presidente da audiencia provincial respectiva, chamará os membros da carreira xudicial da orde correspondente que teñan menor carga de traballo no respectivo territorio, de conformidade cos datos que consten no Servizo de Inspección, sempre que non exista incompatibilidade de sinalamentos.

En quinto lugar, os do mesmo órgano na quenda que se estableza, na cal serán preferidos os que estean libres de sinalamento e, entre estes, os máis modernos.

En último termo e excepcionalmente, cando non resulte posible a formación de sala cun membro da carreira xudicial de conformidade co anterior e exista dispoñibilidade orzamentaria, chamarase un maxistrado suplente non profesional conforme o previsto nesta lei.

2. Na Audiencia Nacional e no Tribunal Supremo, cando non asistan maxistrados en número suficiente para constituíren sala, concorrerán para completala outros maxistrados que designe o presidente da sala ou, de ser o caso, do tribunal respectivo, conforme unha quenda en que serán preferidos os que estean libres de sinalamento e, entre estes, os máis modernos. No seu defecto, aqueles chamarán un maxistrado suplente de conformidade co previsto no número 2 do artigo seguinte.

3. Cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación das anteriores regras resolveranse dando preferencia en todo caso á substitución profesional entre membros da carreira xudicial e atendendo ao criterio de máximo aproveitamento dos recursos públicos.

4. Os chamamentos que teñan lugar conforme o establecido neste precepto serán retribuídos nos casos e na contía que se determinen regulamentariamente. En ningún caso o serán cando a carga de traballo asumida polo chamado, computada xunto coa do seu órgano de procedencia, non alcance o mínimo fixado segundo os criterios técnicos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

5. O custo total dos chamamentos anuais non poderá superar o límite fixado anualmente nos orzamentos do Ministerio de Xustiza. Para tal efecto, ese ministerio, logo da aprobación da correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado, comunicaralle ao Consello Xeral do Poder Xudicial o dito límite e este velará polo seu estrito cumprimento.

6. O Consello Xeral do Poder Xudicial deberá ter aprobadas, antes do día un de xaneiro, as relacións a que se refiren os números anteriores, que lle fosen remitidas polas salas de goberno correspondentes conforme o disposto no artigo 152 da presente lei.

7. Dentro dos límites do chamamento ou adscrición, os maxistrados designados actuarán, como membros da sala que sexan chamados a formar, cos mesmos dereitos e deberes que os maxistrados titulares.»

Sete. Modifícase o artigo 200, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Nos tribunais superiores de xustiza e audiencias provinciais elaborárase anualmente unha relación de membros da carreira xudicial que voluntariamente queiran participar para seren chamados a completar sala. A relación comprenderá, para cada orde xurisdicional, a prelación con que se deban facer os chamamentos.

En todo caso, os solicitantes de integrar a dita relación deberán xustificar, no momento da solicitude, o estado da axenda de sinalamentos e pendencia de asuntos do órgano de que son titulares, así como o número e a razón das resolucións pendentes de ditarse que lles corresponden.

2. Para os efectos do previsto no artigo anterior, poderá haber no Tribunal Supremo, na Audiencia Nacional, nos tribunais superiores de xustiza e nas audiencias provinciais unha relación de maxistrados suplentes non integrantes da carreira xudicial, que serán chamados a formar sala segundo a prelación que se estableza dentro de cada orde ou ordes xurisdicionais para as cales fosen nomeados.

Para o seu chamamento deberase respectar a dispoñibilidade orzamentaria e a prioridade establecida no artigo anterior, sen que nunca poida concorrer a formar sala máis dun maxistrado suplente.

3. Correspóndelles aos presidentes das audiencias provinciais e tribunais superiores de xustiza elaborar ambas as dúas relacións, tanto de titulares coma de suplentes non profesionais, que recollerán a prelación de chamamentos, e remitilas á sala de goberno respectiva para a súa aprobación provisional. Unha vez verificada esta, elevaranse ao Consello Xeral do Poder Xudicial para a súa aprobación definitiva nos termos que procedan.

4. Os membros da carreira xudicial xubilados por idade que sexan nomeados para exercer a dita función terán a consideración e o tratamento de maxistrados eméritos. Nesa situación poderán permanecer ata os 75 anos e terán o tratamento retributivo de maxistrados suplentes.

5. Os maxistrados do Tribunal Supremo, unha vez xubilados, serán designados maxistrados eméritos no Tribunal Supremo cando así o soliciten, sempre que reúnan os requisitos legalmente establecidos e de acordo coas necesidades de reforzo na sala correspondente.»

Oito. Modifícase o artigo 210, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. As substitucións de xuíces e maxistrados en órganos xudiciais unipersoais rexeranse polas seguintes regras e orde de prelación:

a) Pola súa orde, os que participen voluntariamente nos plans anuais de substitución.

En todo caso, os solicitantes de integrar a dita relación deberán xustificar, no momento da solicitude, o estado da axenda de sinalamentos e pendencia de asuntos do órgano de que son titulares, así como o número e a razón das resolucións pendentes de ditarse que lles corresponden.

b) De existir compatibilidade nos sinalamentos, será chamado o correspondente substituto ordinario ou natural do substituído, segundo o proposto pola xunta de xuíces e aprobado pola sala de goberno respectiva.

c) A seguir serán chamados pola seguinte orde: os xuíces de adscrición territorial a que se refire o artigo 347 bis que se encontren dispoñibles, comezando polo máis antigo na escala; os xuíces en expectativa de destino que regula o artigo 308.2 por idéntica prelación e os xuíces que estean desenvolvendo prácticas conforme o artigo 307.2 desta lei pola orde que para o efecto establececese a Escola Xudicial.

d) En cuarto lugar, observarase o réxime de substitucións previsto no artigo seguinte con respecto ao resto de membros da carreira xudicial do mesmo partido xudicial.

e) En todo caso, e sen suxeición á orde referida nos anteriores puntos deste número, poderase prorrogar a xurisdición doutro xulgado conforme o previsto nesta lei.

f) En último termo, e esgotadas as anteriores posibilidades, procederase ao chamamento dun substituto non profesional de conformidade co previsto no artigo 213 desta lei.

2. Os plans anuais de substitución a que se refire o número anterior consistirán na elaboración de calendarios en que se fixarán quendas rotatorias de substitución e se coordinarán os sinalamentos e as funcións de garda, de forma que quede asegurada a dispoñibilidade daqueles xuíces e maxistrados titulares que voluntariamente participen nestas para cubriren de forma inmediata as ausencias que se poidan producir. A previsión das substitucións farase, en todo caso, conforme as preferencias que establece o artigo seguinte.

3. Os plans anuais de substitución elaboraranse por proposta das correspondentes xuntas de xuíces e serán remitidos á respectiva sala de goberno para a súa aprobación provisional, que se levará a cabo, se é o caso, logo de audiencia da fiscalía correspondente co fin de coordinar no posible os sinalamentos que afecten procedementos nos cales as leis prevexan a súa intervención. Verificada tal aprobación provisional, elevaranse ao Consello Xeral do Poder Xudicial para a súa aprobación definitiva nos termos que procedan.

4. Os xuíces decanos, presidentes de audiencias provinciais, de tribunais superiores de xustiza e da Audiencia Nacional velarán, no ámbito das súas respectivas competencias, pola exacta execución do réxime de substitucións previsto neste precepto e, especialmente, dos plans anuais de substitución.

5. O Consello Xeral do Poder Xudicial, de oficio ou por instancia de calquera dos anteriores, procederá a adoptar as medidas correspondentes en caso de incumprimento do réxime de substitucións previsto neste precepto. Tamén adoptará as medidas que sexan precisas para corrixir calquera disfunción que poida acaecer na execución dos plans anuais de substitución.»

Nove. Modifícase o artigo 211, que queda redactado como segue:

«Para os efectos do previsto nos puntos 1.b) e 1.d) do artigo anterior, observaranse as seguintes regras:

1.^a Os xuíces de primeira instancia e de instrución, do mercantil, do penal, de violencia sobre a muller, do contencioso-administrativo, de menores e do social substituiranse entre si, nas poboacións onde existan varios da mesma orde xurisdiccional, na forma que acorde a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza por proposta da xunta de xuíces.

Se for o decano o que deba ser substituído, as súas funcións exerceraas o xuíz que o substitúa no xulgado de que aquel sexa titular, conforme o disposto no parágrafo anterior, ou, de ser o caso, o máis antigo no cargo.

2.^a Cando nunha poboación non houber outro xuíz da mesma clase, a substitución corresponderalle a un xuíz de clase distinta.

3.^a Tamén substituirán os de distinta orde xurisdiccional, mesmo existindo varios xuíces pertencentes a esta, cando se esgotaren as posibilidades de substitución entre eles.

4.^a Corresponderalles aos xuíces de primeira instancia e instrución a substitución dos xuíces das demais ordes xurisdicionais e dos xuíces de menores, cando non haxa posibilidade de que a substitución se efectúe entre os da mesma orde.

5.^a A substitución dos xuíces do penal corresponderalles, no caso do artigo 89, aos de primeira instancia. Nos demais casos, os xuíces do penal e, igualmente, os de primeira instancia e instrución serán substituídos polos xuíces do mercantil, de menores, do contencioso-administrativo e do social, segundo a orde que estableza a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza.

6.^a Os xuíces de violencia sobre a muller serán substituídos polos xuíces de instrución ou de primeira instancia e instrución, segundo a orde que acorde a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza respectivo.»

Dez. Modifícase o artigo 212, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Cando resulte aconsellable para un mellor despacho dos asuntos, atendida a escasa carga de traballo dun xulgado doutra localidade do mesmo grao e orde do que deba ser substituído, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza prorrogará, logo de audiencia, a xurisdición do titular daquel, quen desempeñará ambos os dous cargos con dereito á retribución correspondente dentro das previsións orzamentarias nos termos que se establezan regulamentariamente.

En todo caso, calquera titular dun xulgado do mesmo grao e orde do que deba ser substituído poderá solicitar do presidente do Tribunal Superior de Xustiza que se lle prorrogue a súa xurisdición co fin de desempeñar ambos os dous cargos, con idéntico dereito á retribución prevista no parágrafo anterior.

2. As prórrogas de xurisdición comunicaranse, por conduto da sala de goberno respectiva, ao Consello Xeral do Poder Xudicial para a súa aprobación, sen prexuízo de comezar a desempeñalas, se así o acordar motivadamente o presidente.»

Once. Modifícase o artigo 213, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Só en casos excepcionais, cando non resulte posible a substitución por un membro da carreira xudicial ou por un xuíz en prácticas conforme o previsto nos artigos precedentes, exercerá a xurisdición, con idéntica amplitude que se fose titular do órgano, un xuíz substituto.

2. Os xuíces substitutos serán nomeados na mesma forma que os maxistrados suplentes e sometidos ao seu mesmo réxime xurídico.

3. No caso de seren varios os substitutos nomeados para a localidade e orde xurisdicional correspondente, serán chamados pola orde de prelación establecida no nomeamento.

4. En ningún caso procederá efectuar o chamamento a xuíces substitutos sen constatar previamente a existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

5. Regulamentariamente o Goberno determinará a remuneración dos xuíces substitutos dentro das previsións orzamentarias.»

Doce. Modifícase o artigo 214, que queda redactado do seguinte modo:

«Os xuíces desempeñarán as funcións inherentes ao seu xulgado, tanto en calidade de titulares como en expectativa de destino ou de apoio, e ao cargo que substitúan.

As substitucións profesionais, cando se produzan, serán retribuídas nos casos e na contía que se determinen regulamentariamente.»

Trece. Modifícase o artigo 215, que queda redactado do seguinte xeito:

«Os xuíces de paz serán substituídos polos respectivos xuíces substitutos.»

Catorce. Modifícase o artigo 216 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Cando o atraso excepcional ou a acumulación de asuntos nun determinado xulgado ou tribunal non poidan ser corrixidos mediante o reforzamento do cadro de persoal da oficina xudicial ou a exención temporal da repartición

prevista no artigo 167.1, o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar medidas excepcionais de apoio xudicial consistentes na adscrición de xuíces e maxistrados titulares doutros órganos xudiciais mediante o outorgamento de comisións de servizo.

2. Os presidentes dos tribunais superiores de xustiza poderán propor como medida de apoio a adscrición obrigatoria, en réxime de comisión sen relevación de funcións, daqueles xuíces e maxistrados titulares de órganos que tivesen escasa carga de traballo de conformidade cos criterios técnicos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial. A dita comisión non será retribuída, mesmo sendo aprobada, se a carga de traballo asumida polo adscrito, computada xunto coa do seu órgano de procedencia, non alcanza o mínimo establecido nos referidos criterios técnicos.

3. Tamén se poderá acordar a adscrición en calidade de xuíces de apoio, por esta orde, dos xuíces de adscrición territorial a que se refire o artigo 347 bis, dos xuíces en expectativa de destino conforme o artigo 308.2, dos xuíces que estean desenvolvendo prácticas conforme o artigo 307.2 e, excepcionalmente, de xuíces substitutos e maxistrados suplentes.

4. Quen participase nunha medida de apoio en réxime de comisión de servizo sen relevación de funcións quedará exento, salvo petición voluntaria, de realizar as substitucións que lle puideren corresponder no órgano de que sexa titular, conforme o plan anual de substitución.

5. A aprobación de calquera medida de apoio por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial precisará a aprobación previa do Ministerio de Xustiza, que unicamente se poderá opor por razóns de dispoñibilidade orzamentaria. Todo isto dentro do marco que estableza o protocolo que anualmente subscribirán ambos os dous para os efectos de planificar as medidas deste tipo que sexa posible adoptar.

6. Se a causa do atraso tivese carácter estrutural, o Consello Xeral do Poder Xudicial, xunto coa adopción das referidas medidas provisionais, formularalle as oportunas propostas ao Ministerio de Xustiza ou ás comunidades autónomas con competencias na materia, de cara á adecuación do cadro de persoal do xulgado ou tribunal afectado ou á corrección da demarcación ou planta que proceda.»

Quince. Modifícase o artigo 307, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. A Escola Xudicial, configurada como centro de selección e formación de xuíces e maxistrados dependente do Consello Xeral do Poder Xudicial, terá como obxecto proporcionarlles unha preparación integral, especializada e de alta calidade, aos membros da carreira xudicial, así como aos aspirantes a ingresar nela.

A Escola Xudicial levará a cabo a coordinación e impartición do ensino inicial, así como da formación continua, nos termos establecidos no artigo 433 bis.

2. O curso de selección incluírá necesariamente: un programa teórico de formación multidisciplinar, un período de prácticas tuteladas en diferentes órganos de todas as ordes xurisdicionais e un período en que os xuíces en prácticas desempeñarán funcións de substitución e reforzo. Soamente a superación de cada un deles posibilitará o acceso ao seguinte.

3. Unha vez superada a fase teórica de formación multidisciplinar, iniciarase o período de prácticas. Na súa primeira fase, os xuíces en prácticas tuteladas, que se denominarán xuíces adxuntos, exercerán funcións de auxilio e colaboración cos seus titulares. Neste período as súas funcións non poderán exceder a redacción de borradores ou proxectos de resolución que o xuíz ou relator poderá, se é o caso, asumir coas modificacións que considere pertinentes. Tamén poderán dirixir vistas ou actuacións baixo a supervisión e dirección do xuíz titular.

4. Superada, así mesmo, esta fase de prácticas tuteladas, existirá un período obrigatorio en que os xuíces en prácticas desempeñarán labores de substitución e reforzo conforme o previsto nos artigos 210 e 216 bis, e terán preferencia sobre os xuíces substitutos en calquera chamamento para o exercicio de tales funcións.

Nesta última fase exercerán a xurisdición con idéntica amplitude á dos titulares do órgano xudicial e quedarán á disposición do presidente do Tribunal Superior de Xustiza correspondente, quen deberá elaborar un informe sobre a dedicación e o rendemento no desempeño das súas funcións, para a súa valoración pola Escola Xudicial.

O Consello Xeral do Poder Xudicial e os presidentes dos tribunais superiores de xustiza velarán por que o desempeño de tales labores teña lugar, preferentemente, en órganos xudiciais de similares características aos que os xuíces en prácticas poidan logo ser destinados.

5. A duración do período de prácticas, as súas circunstancias, o destino e as funcións dos xuíces en prácticas serán regulados polo Consello Xeral do Poder Xudicial á vista do programa elaborado pola Escola Xudicial.

En ningún caso a duración do curso teórico de formación será inferior a nove meses. As prácticas tuteladas terán unha duración mínima de catro meses e idéntica duración mínima terá a destinada a realizar funcións de substitución ou apoio.

6. Os que superen o curso teórico e práctico serán nomeados xuíces pola orde da proposta feita pola Escola Xudicial.

7. O nomeamento expedirao o Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante orde, e coa toma de posesión quedarán investidos da condición de xuíz.»

Dezaseis. Modifícase o punto 2 do artigo 308, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Sen prexuízo do establecido no artigo 301.4, aqueles aspirantes aprobados que non puideron ser nomeados xuíces titulares de órganos xudiciais ingresarán na carreira xudicial en calidade de xuíces en expectativa de destino e tomarán posesión ante o presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, ao cal quedarán adscritos para os efectos previstos nos artigos 210.1, 216, 216 bis, 216 bis 2, 216 bis 3 e 216 bis 4.

Os xuíces en expectativa de destino terán preferencia sobre os xuíces substitutos en calquera chamamento para o exercicio das funcións a que se refiren os artigos indicados no parágrafo anterior e cesarán no seu labor no momento en que sexan nomeados xuíces titulares e destinados ás vacantes que se vaian producindo, segundo a orde numérica que ocupen na lista de aspirantes aprobados.»

Dezasete. Modifícase o artigo 347 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«1. En cada Tribunal Superior de Xustiza, e para o ámbito territorial da provincia, crearanse as prazas de xuíces de adscrición territorial que determine a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial.

2. Por designación do presidente do Tribunal Superior de Xustiza, os xuíces de adscrición territorial exercerán as súas funcións xurisdicionais nas prazas que se encontren vacantes, como reforzo de órganos xudiciais ou naquelas prazas cuxo titular estea ausente por calquera circunstancia, conforme as previsións establecidas nesta lei.

3. Nas comunidades autónomas pluriprovinciais, e cando as razóns do servizo o requiran, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza poderá realizar chamamentos para órganos xudiciais doutra provincia pertencente ao ámbito territorial do dito tribunal. En tales casos, os desprazamentos do xuíz de adscrición territorial darán lugar ás indemnizacións que por razón do servizo se determinen regulamentariamente.

4. Nas comunidades autónomas en que exista máis dunha lingua oficial ou teñan dereito civil propio aplicaranse, para a provisión destas prazas, as previsións establecidas para tal efecto na presente lei.»

Dezaioito. Modifícase o punto 1 do artigo 371, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Os xuíces e maxistrados terán dereito a desfrutar, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor.

Para os efectos do previsto neste artigo, non se considerarán como días hábiles os sábados.»

Dezanove. Modifícase o punto 3 do artigo 373, que queda redactado do seguinte xeito:

«3. Tamén terán dereito a licenza para realizar estudos relacionados coa función xudicial, logo de informe favorable do presidente do tribunal correspondente, que terá en conta as necesidades do servizo.

Unha vez finalizada a licenza, elevarase ao Consello Xeral do Poder Xudicial a memoria dos traballos realizados e, se o seu contido non for bastante para xustificala, compensarase a licenza co tempo que se determine das vacacións do interesado.»

Vinte. Modifícase o punto 4 do artigo 373, que queda redactado do seguinte modo:

«4. Tamén poderán desfrutar de ata tres días de permiso no ano natural, separada ou acumuladamente. Os superiores respectivos só poderán denegalos por necesidade do servizo.»

Vinte e un. Engádese un número 8 ao artigo 373 co seguinte teor:

«8. Os xuíces e maxistrados poderán solicitar do presidente de que dependan ausentarse da sede do órgano xudicial no cal estean destinados ata un máximo de tres días ao mes e non máis de nove ao ano, para o estudo ou resolución de causas de especial complexidade, facer fronte a situacións de acumulación de asuntos cando isto non for atribuíble ao rendemento do solicitante, ou cando outras circunstancias así o aconsellaren, e deberán comunicalo con, polo menos, tres días de antelación. A dita autorización só se denegará, motivadamente, cando coincida con sinalamentos, vistas ou deliberacións ou non queden cubertas as necesidades do servizo.

Para a concesión destas autorizacións non será obstáculo o disfrute no mesmo mes dos permisos a que se refire o número 4 deste precepto.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 374, que queda redactado do seguinte modo:

«Quen por se atopar enfermo non puiden asistir ao despacho, comunicarllo ao presidente de quen inmediatamente dependa e solicitará a licenza acreditando a enfermidade e a previsión médica sobre o tempo preciso para o seu restablecemento.»

Vinte e tres. Modifícase o punto 2 do artigo 375, que queda redactado do seguinte xeito:

«2. As licenzas para realizar estudos en xeral darán dereito a percibir as retribucións básicas e por razón de familia. As licenzas para realizar estudos relacionados coa función xurisdiccional serán sen limitación de haberes.

Malia o anterior, os días de licenza para realizar estudos, relacionados ou non coa función xurisdiccional, por tempo superior a 20 días anuais, non darán dereito a ningunha retribución, salvo aquelas que teñan por obxecto actividades formativas obrigatorias por cambio de orde ou especialidade, que serán sen limitación de haberes en todo caso.»

Vinte e catro. Modifícase o punto 3 do artigo 375, que queda redactado do seguinte modo:

«3. As demais licenzas e permisos non afectarán o réxime retributivo de quen os disfrute, sen prexuízo do disposto nesta lei. No caso das licenzas por enfermidade, os integrantes da carreira xudicial, en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns, percibirán o cincuenta por cento das retribucións tanto básicas coma complementarias, como, se é o caso, a prestación por fillo a cargo, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, tomando como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de se causar a situación de incapacidade temporal. Desde o día cuarto ao vixésimo día, ambos os dous inclusive, percibirán o setenta e cinco por cento das retribucións tanto básicas coma complementarias, como da prestación por fillo a cargo, se é o caso. A partir do día vixésimo primeiro e ata o día cento oitenta, ambos os dous inclusive, percibirán a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e das retribucións complementarias. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a retribución que percibirán poderá ser complementada desde o primeiro día ata alcanzar como máximo as retribucións que lle viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de se orixinar a incapacidade.

A partir do día cento oitenta e un será de aplicación o subsidio establecido no punto 1.B) do artigo 20 do Real decreto lexislativo 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O órgano competente determinará os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificado se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen por cento das retribucións que viñesen gozando en cada momento. Para estes efectos, consideraranse en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

En ningún caso os funcionarios adscritos aos réximes especiais da Seguridade Social xestionados polo mutualismo administrativo poderán percibir unha cantidade inferior en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns á que lles corresponda aos funcionarios adscritos ao réxime xeral da Seguridade Social, incluídos, se é o caso, os complementos que lles resulten de aplicación a estes últimos.

As referencias a días incluídas neste número entenderanse realizadas a días naturais.»

Vinte e cinco. Modifícase o artigo 502, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Os funcionarios terán dereito a disfrutar, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano for menor. Para estes efectos, non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.

2. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, serán competentes para ditar as normas respecto á forma de disfrute das vacacións, así como sobre os procedementos para a súa concesión.»

Vinte e seis. Modifícase o artigo 503, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. Por causas xustificadas, os funcionarios terán dereito a iguais permisos e coa mesma extensión que os establecidos na normativa vixente aplicable aos funcionarios da Administración xeral do Estado.

2. O disfrute destes permisos terá os mesmos dereitos económicos que os funcionarios da Administración xeral do Estado.»

Vinte e sete. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 504.5, que queda redactado do seguinte modo:

«Sen prexuízo da obriga de comunicar, na forma que regulamentariamente se determine, a imposibilidade de asistencia ao traballo por razón de enfermidade durante a xornada laboral do día en que esta se produza, os funcionarios deberán solicitar da autoridade competente a licenza por enfermidade.»

Vinte e oito. Modifícase o parágrafo sétimo do número 5 do artigo 504, que queda redactado do seguinte xeito:

«Os funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns percibirán o cincuenta por cento das retribucións tanto básicas coma complementarias, como, se é o caso, a prestación por fillo a cargo, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, tomando como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de se causar a situación de incapacidade temporal. Desde o día cuarto ao vixésimo día, ambos os dous inclusive, percibirán o setenta e cinco por cento das retribucións tanto básicas coma complementarias, como da prestación por fillo cargo, se é o caso. A partir do día vixésimo primeiro e ata o día cento oitenta, ambos os dous inclusive, percibirán a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e das retribucións complementarias. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a retribución que percibirán poderá ser complementada desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo as retribucións que lle viñesen correspondendo ao dito persoal no mes anterior ao de se orixinar a incapacidade.

A partir do día cento oitenta e un será de aplicación o subsidio establecido no punto 1.B) do artigo 20 do Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O órgano competente determinará os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificado se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen por cento das retribucións que viñesen gozando en cada momento. Para estes efectos, consideraranse en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

En ningún caso os funcionarios adscritos aos réximes especiais da Seguridade Social xestionados polo mutualismo administrativo poderán percibir unha cantidade inferior en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns á que lles corresponda aos funcionarios adscritos ao réxime xeral da Seguridade Social, incluídos, se é o caso, os complementos que lles resulten de aplicación a estes últimos.

As referencias a días incluídas neste punto entenderanse realizadas a días naturais.»

Vinte e nove. Introdúcese un novo punto 3 no artigo 528, co seguinte teor:

«3. Por motivos excepcionais, o Ministerio de Xustiza ou, de ser o caso, as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, poderán acordar plans de ordenación de recursos humanos nos termos e conforme o previsto na normativa vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado.»

Trinta. Engádese unha nova disposición adicional décimo sexta, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décimo sexta. *Límite aos chamamentos.*

En ningún caso procederá ningún chamamento se non houber dispoñibilidade orzamentaria á vista das comunicacións que periodicamente realiza o Ministerio de

Xustiza, de conformidade co previsto no Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, polo que se regulan as retribucións previstas na disposición transitoria terceira da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.»

Trinta e un. Engádesse unha nova disposición adicional décimo sétima, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional décimo sétima. *Presentación dos plans anuais de substitución e das listas do artigo 200.*

Os presidentes dos órganos colexiados correspondentes, no marco das súas respectivas competencias e, se é o caso, a través dos decanos, velarán por que os plans anuais de substitución e as listas a que se refire o artigo 200 desta lei consten no Consello Xeral do Poder Xudicial polo menos dous meses antes do un de xaneiro de cada ano.

En todo caso, o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá adecuar os plans anuais aprobados cando, como consecuencia dun concurso de traslado ou calquera outra circunstancia, for necesario.»

Trinta e dous. Engádesse unha nova disposición adicional décimo oitava, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décimo oitava. *Previsións dos plans anuais de substitución.*

Os plans anuais de substitución preverán aqueles supostos en que o posible substituto participe en medidas de apoio ou reforzo, ou quede adscrito con relevación de funcións a outro órgano, co fin de exoneralo da substitución que lle poida corresponder, salvo que expresamente manifestase o contrario. Do mesmo xeito preverán a solución que se deba adoptar ante calquera outra situación de posible duplicidade de sinalamentos.»

Trinta e tres. Engádesse unha nova disposición adicional décimo novena, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décimo novena. *Plans de substitución correspondentes de partidos xudiciais.*

De considerarse oportuno, por iniciativa dos decanos, das xuntas de xuíces dos partidos afectados, do presidente da Audiencia Provincial, do presidente do Tribunal Superior de Xustiza ou do propio Consello Xeral do Poder Xudicial, poderanse aprobar plans de substitución que inclúan varios partidos xudiciais e o decano do partido xudicial con máis habitantes asumirá os labores propios que lle encomenda a presente lei.»

Trinta e catro. Engádesse unha nova disposición adicional vixésima, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional vixésima. *Delegación de atribucións en materia de substitucións.*

Os presidentes dos tribunais superiores de xustiza poderán delegar as atribucións que lles recoñece esta lei en materia de substitucións naqueles presidentes das audiencias provinciais do seu territorio que consideren oportuno.»

Trinta e cinco. Engádesse unha disposición transitoria cuadraxésimo primeira coa seguinte redacción:

«Cuadraxésimo primeira. *Suspensión da percepción da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012.*

A supresión da percepción da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 aos membros do corpo de secretarios xudiciais e ao resto do persoal ao servizo da Administración de xustiza terá lugar na forma que establece o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, adecuando a dita paga co fin de que a minoración resultante sexa análoga á dos restantes funcionarios.»

Disposición adicional primeira. *Medidas de reordenación e racionalización das administracións públicas.*

O Consello Xeral do Poder Xudicial adoptará, no ámbito da súa competencia, as medidas que fosen precisas de reordenación e racionalización das administracións públicas con contido e alcance similar ás previstas no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria da competitividade que fosen precisas.

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.*

Modifícase o punto 4 do artigo 2 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, que quedará redactado como segue:

«4. A competencia para coñecer dos delitos previstos nos artigos 571 a 580 do Código penal corresponderalle ao Xulgado Central de Menores da Audiencia Nacional.

Corresponderalle igualmente ao Xulgado Central de Menores da Audiencia Nacional a competencia para coñecer dos delitos cometidos por menores no estranxeiro cando, conforme o artigo 23 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e os tratados internacionais, lle corresponda o seu coñecemento á xurisdición española.

A referencia do último inciso do punto 4 do artigo 17 e cantas outras se conteñen nesta lei ao xuíz de menores entenderanse feitas ao xuíz central de menores no que afecta os menores imputados por calquera dos delitos a que se refiren os dous parágrafos anteriores.»

Disposición transitoria primeira. *Plans anuais de substitución e listas do artigo 200.*

Logo da entrada en vigor da presente lei e mentres non se aproben os plans anuais de substitución e as listas a que se refire o artigo 200, o Consello Xeral do Poder Xudicial velará para que as substitucións e os chamamentos que cumpra realizar se axusten aos criterios establecidos nesta lei en canto sexa posible.

Disposición transitoria segunda. *A aprobación dos plans anuais de substitución e das listas do artigo 200.*

O Consello Xeral do Poder Xudicial aprobará antes do 15 de marzo de 2013 os plans anuais de substitución e as listas a que se refire o artigo 200 da Lei orgánica do poder xudicial, para os efectos da súa aprobación nos quince días subseguintes.

Disposición transitoria terceira. *Actualización das retribucións previstas no Real decreto 431/2004, do 12 de marzo.*

Logo da entrada en vigor desta lei, o Goberno procederá á actualización do réxime e das contías das retribucións previstas no Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, para o pagamento de substitucións, servizos extraordinarios e participacións en programas de actuación por obxectivos.

En todo caso, a contía da retribución por substitución, nos casos en que regulamentariamente se estableza a súa procedencia, será igual ao 80% do complemento de destino previsto para o desempeño profesional no órgano que se substitúa.

Disposición transitoria cuarta.

O previsto no artigo único, punto quince, desta lei, relativo ao artigo 307 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, non será de aplicación aos que, no momento da entrada en vigor da presente lei, se encontren realizando o preceptivo curso de selección na Escola Xudicial.

Disposición transitoria quinta. *Da entrada en vigor do artigo 375.3.*

O previsto con respecto ao punto 3 do artigo 375 da Lei orgánica do poder xudicial entrará en vigor cando o órgano competente determine os supostos en que, con carácter excepcional e debidamente xustificadas, se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen por cento das retribucións que viñesen disfrutando en cada momento e, en todo caso, no prazo máximo de seis meses.

Disposición transitoria sexta. *Da entrada en vigor do parágrafo sétimo do artigo 504.5.*

O previsto con respecto ao parágrafo sétimo do artigo 504.5 da Lei orgánica do poder xudicial entrará en vigor cando o órgano competente determine os supostos en que, con carácter excepcional e debidamente xustificadas, se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen por cento das retribucións que viñesen disfrutando en cada momento e, en todo caso, no prazo máximo de seis meses.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase en exercicio das competencias atribuídas ao Estado en materia de administración de xustiza polo artigo 149.1.5.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY